

# Memoria de Actividades Proxecto Ríos

## xaneiro – outubro 2023

**Memoria Actividades 2023 do Convenio de Colaboración engre a CH-MS e ADEGA**
Coordinación: Ramsés Pérez
Realización: Ramsés Pérez e Paco Bañobre
Maquetación: Fins Eirexas
Fotografía.: Ramsés Pérez

**Proxecto Ríos**
Avd Castelao nº 20
15704 Santiago de Compostela
www.proxectorios.org

1. Introdución
2. Memoria de actividades
- Participación do voluntariado no Proxecto Ríos
- Saídas Formativas
- Formación
- Campo de Voluntariado Ambiental do Río Tea
- Limpeza simultánea de ríos
- Comunicación
3. Materiais editados
4. Anexos
- Memoria económica



No ano 2005 comeza a andaina do Proxecto Ríos en Galicia coordinado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). A finalidade desta iniciativa é dar a coñecer a situación ambiental dos nosos cursos fluviais, incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e ofrecer solución aos problemas asociados á auga e aos ríos. O Proxecto Ríos conta nesta ano 2023 coa colaboración de Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

O obxectivo xeral do Proxecto Ríos é dar a coñecer a importancia dos ríos e as problemáticas ambientais asociadas aos mesmos, así como, ensinar e transmitir bos comportamentos aos cidadáns para a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

Preténdense acadar tamén os seguintes obxectivos específicos:

- Amosar aos participantes as responsabilidades ambientais relacionadas coas augas.
- Ensinar a identificar a biodiversidade dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, informando aos participantes do seu papel nese ciclo.
- Facilitar o material específico necesario e persoal indicado para realizar as inspeccións.
- Motivar para aprender a relacionar elementos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc.
- Dispoñer dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do Proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental e facilitar o acceso aos participantes.
- Fomentar a educación ambiental ofrecendo actividades para diferentes grupos sociais.

# 2. Memoria de actividades

Nas seguintes páxinas expóñense as actividades realizadas no 2023.

## 2.1: Participación do voluntariado.

En canto ás actividades desenvolvidas en 2023, continuouse cos obxectivos de consolidación da participación cidadá arredor dos cursos fluviais.

Participación do voluntariado no Proxecto Ríos:

Na actualidade (outubro 2023) hai 272 grupos participando no Proxecto Ríos, que se distribúen por provincias, tal e como amosa a seguinte figura:



A progresión na participación está reflectida na seguinte gráfica:




A tipoloxía dos grupos participantes no Proxecto Ríos está representada na seguinte figura. Os piares fundamentais do proxecto son os centros de ensino, que en total (IES, CPI e CEIP) suman o 53% do total. A continuación, as asociacións e os grupos de particulares son os máis abundantes. En 2023 continuamos colaborando co Plan Proxecta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.






## 2.2: Saídas formativas.

As saídas formativas consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. Constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río e na que tamén se realiza o esquema do treito inspeccionado. Ao longo do percorrido aproveitase para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para rexistrar o patrimonio etnográfico e analizar os colectores que poidan aparecer no treito. O estudo dos colectores permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado e tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de restos patrimoniais nos ríos galegos é moi elevada, por iso dende o Proxecto Ríos se lle dá unha especial relevancia ó estudo dos mesmos facendo fincapé nos usos tradicionais.

Na segunda parte da inspección escollese un punto de mostraxe representativo do treito onde se farán as análises e medicións dos parámetros fisicoquímicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos mídese a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia. Nos parámetros químicos mídese o pH, a cantidade de nitratos e osíxeno disoltos na auga. Avaliase tamén o estado do bosque de ribeira (o cal se calcula a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados, organismos bioindicadores,  que permite avaliar a calidade das augas. En función dos datos recollidos asígnase un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indica que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

Dentro da duración das saídas realizase tamén a pé de río unha presentación sobre o Proxecto Ríos, sobre a metodoloxía de inspección e sobre aspectos relevantes que teñen que ver cos ríos e a súa xestión.

Durante o ano 2023 realizáronse as seguintes saídas formativas:

- 12/04/2023. IES río Cabe (Monforte de Lemos). Río Cabe
- 13/04/2023. IES Salvaterra (Salvaterra). Río Tea.
- 13/04/2023. CPI Luís Díaz Moreno (Baralla). Río Neira.
- 21/04/2023. IES A Pinguela (Monforte de Lemos). Río Cabe
- 24/04/2023. IES Aquis-Querquenis (Bande). Río Cadós.
- 28/04/2023. IES As Lagoas (Ourense). Río Lonia
- 05/05/2023. UNED (Lugo). Río Miño
- 09/05/2023. CIFP Portovello (Ourense). Río Lonia.
- 11/05/2023. CPI Virxe dos Remedios (Castro Caldelas). Río Mao.
- 12/05/2023. CPI Ramón Piñeiro (Pobra de San Xiao). Río Neira.

- 21/05/2023. ADEGA-Lugo (Parada de Sil). Río Mao.
- 23/05/2023. Sociedade de Pesa Ponte Grande (Celanova). Río Arnoia.
- 30/05/2023. IES Daviña Rei (Monforte de Lemos). Río Cabe
- 02/06/2023. ADEGA-Lugo (Lugo). Rego Segade.
- 02/06/2023. IES Sarria (Sarria). Río Sarria.
- 09/06/2023. CPI Triacastela (Triacastela). Río Oribio.
- 15/06/2023. IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia). Río Bidueiro.
- 13/09/2023. CPI Xuvencos (Boborás). Río Viñal.
- 21/09/2023 IES A Terra Cha.
- 29/09/2023. CIFP Cidade de Antioquía. (Xinzo de Limia). Río Límia.
- 05/10/2023. IES A Pinguela (Monforte de Lemos). Río Cabe
- 06/10/2023. Delegación ADEGA-Lugo. (Lugo) Río Rato
- 09/10/2023. CIFP A Granxa (Ponteareas). Río Tea
- 17/10/2023. UNED-Síndrome de Down Lugo (Lugo). Río Rato ***(adiada pola choiva)***
- 18/10/2023. IES As Lagoas Ourense, (Ourense) Río Lonia
- 19/10/2023. IES Carballiño ***(adiada pola choiva)***

## 2.3. Formación

Nestes últimos anos, o Proxecto Ríos ten realizado diferentes cursos de formación coa finalidade de dar soporte aos grupos participantes.

No presente convenio realizouse un Curso de formación sobre Flora Fluvial, coa finalidade de coñecer a vexetación do bosque de ribeira. Á actividade apuntáronse un grupo de alumnos de 4º da ESO do IES a Pinguela que están a realizar o proxecto Fitofaladorio.

Na saída realizouse unha polas beiras do río Cabe identificando a flora típica do bosque de ribeira, arbores, plantas así como especies invasoras. Falouse sobre o Hábitat de *Fraxinus excelsior* e *Alnus glutinosa* e a rede natura 2000. Así mesmo, identificamos as árbores do bosque de ribeira e a importancia ara o ecosistema fluvial. Tamén se fixo referencia aos noves científicos das árbores e os seus usos na cultura popular. Da mesma maneira recoñecéronse as plantas das beiras dos río e tamén as súas propiedades e usos na cultura popular. Para completar a saída falouse das especies invasoras que están a colonizar os ríos e as súas consecuencias para o ecosistema fluvial.



FOTOS DA SAÍDA







## 2.4. Campo de voluntariado ambiental no río Tea

O campo do Tea da primavera de 2023 organizouse primeiramente para marzo pero logo de realizar a difusión, inscricións e a xestión do mesmo (permisos, seguros, etc) houbo que adialo por cuestións meteorolóxicas. Coas fortes choivas o río ía moi alto o que non permitira cruzalo e podería facer perigoso traballar nas súas beiras.

O campo de voluntariado para a eliminación da flora exótica invasora do río Tea cambiouse entón para a fin de semana do 5 ao 7 de maio  O campo centrouse na eliminación das especies invasoras *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon*, *Phytolacca americana* e *Crocosmia x crocosmiiflora* cuxa presenza nas beiras deste río é abundante.



Programa:

VENRES, 5 MAIO

18:00 h Recepción do voluntariado no Albergue Alentea
19:00 h Formación sobre a problemática das especies invasoras. Xestión ambiental das EEI en espazos fluviais: liñas de actuación e mecanismos de control
21:00 h Cea
22:00 h Tempo de lecer

SÁBADO, 6 MAIO

9:00 h Almorzo
10.30-13.30 h Traballos de eliminación
14:00-15:30 h Xantar de campo e descanso
15:30-18:00 h Continuación dos traballos de retirada e regreso ao albergue
21:00 h Cea
22:00 h Tempo de lecer

DOMINGO 7 MAIO

10:00 h Almorzo
11.00 h Posta en común e avaliación do traballo realizado
13.30 h Visita á casa reitoral de Barciademera
14:00 h Xantar de campo
15:00 h Ruta polo río Alén
18:00 h Despedida e peche do campamento de voluntariado

Na fin de semana do 5 ao 7 de maio tivo lugar o campo de voluntariado para eliminación de flora exótica invasora no tramo custodiado do río Tea.

Desta volta, revisáronse os traballos realizados nas eliminacións anteriores. Xunto co voluntariado asistente elimináronse rebrotes de *Acacia dealbata, Robinia pseudoacacia* e unha pequena mancha de *Phytolacca americana*.

A xornada comezou o venres 20 as seis da tarde, e Itziar Díaz, técnica de ADEGA, impartiu unha charla sobre a problemática das especies exóticas invasoras e a situación do río Tea falando tamén dos traballos realizados nos anteriores campos de voluntariado.

A charla fíxose no albergue de Alentea (Covelo) onde o voluntariado estivo aloxado durante o campo de voluntariado.

Na mañá do sábado, o voluntariado achegouse ata Ponte Cernadelas, ao carón de Mondariz, para iniciar o percorrido río arriba do treito de 3Km no que o Proxecto Ríos ten un acordo de custodia fluvial coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Antes de cruzar a ponte medieval eliminouse un pe de *Phytolacca americana* e explicouse a metodoloxía de traballo.

Ao cruzar a ponte, a actuación centrouse na eliminación de rebrotes de *Robinia pseudoacacia* das árbores cortadas pola cuadrilla de gardería fluvial, que desenvolve accións de xestión da flora exótica invasora no río Tea. Actuouse tamén nunha mancha de bambú (*Phyllostachys spp.*) que se atopa no camiño e elimináronse rebrotes puntuais de *Acacia dealbata*. Cara o final da mañá, eliminouse unha pequena mancha de *Phytolacca americana*.

O proceso de eliminación da *Acacia dealbata* e *A. melanoxylon* consistiu en arrancar a planta de raíz, eliminando a maior raíz posible, ou realizando un anel de descortizado (eliminar parte da cortiza do tronco en forma de anel para promover o secado da planta e, finalmente, a súa morte) naqueles exemplares de maior porte.

A tarde do sábado estivo dedicada a comprobar a calidade ecolóxica do río Tea empregando a metodoloxía de inspección do Proxecto Ríos. Foise río abaixo dende os pasos pasos de Tatín ate o lugar onde se realizaron os estudos de calidade. Aproveitouse tamén para inspeccionar as zonas de traballo en campos anteriores comprobando a ausencia de rebrotes de EEI.

Na xornada do domingo realizouse unha pequena visita á Rectoral de Barciademeda e ao río Alén e a continuación o roteiro do Alén, incluído dentro da Rede Natura 2000 que destaca polo seu bosque de ribeira de ameneiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e por posuír unhas das carballeiras termófilas mellor conservadas da provincia de Pontevedra, caracterizada por carballos (*Quercus robur*), loureiros (*Laurus nobilis*), silbardeiras (*Ruscus aculeatus*) e outra flora acompañante.

FOTOS DO CAMPO









## 2.4. Limpeza simultánea de ríos 2023

ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 24 de setembro de 2023 realizouse a XVI Limpeza Simultánea de Ríos en 52 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais… até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 70 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Santiago de Compostela, Tomiño ou Verín, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 54 treitos de río e participaron 765 persoas.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas… de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos pódese observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2023 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles, e outros voluminosos.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o Protocolo de Actuación que se pode descargar en PDF. As persoas participantes recibiron como agasallo unha camisola co lema da limpeza 'Móllate polos ríos'.

Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados. Marcados en amarelo os realizados na bacía CH-MS:

| CONCELLO | Colectivo | Voluntarios/as | Río | kg |
|---|---|---|---|---|
| A Cañiza | Fundación MundoNatura | 5 | Calvo | 250 |
| A Coruña | OMA-UDC | 2 | Bens | ----- |
| A Estrada | Asociación pola Defensa do Val do Liñares | 15 | Liñares | 500 |
| A Estrada | Concello da Estrada | ---- | ---- | ---- |
| A Guarda | Asociación A Jalleira | 24 | Soberbia | 60 |
| A Merca | Asociación Xuvenil Xoldreira | 11 | Arnoia | 40 |
| Ames | Concello de Ames | 27 | Ameneiral,Andoriña e Pasos | 200 |
| Allariz | Allariz | 25 | Arnoia | 120 |
| A Pobra de Trives | CEIP de Trives | ---- | ---- | ---- |
| A Pobra de Trives | IES de Trives | | | |
| Ares | Asociación Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro | 8 | Frades | 80 |
| Ares | Concello de Ares | | | |
| Baamonde | Cercud (Centro Cultural Recreativo Deportivo) | 12 | Parga | 27 |
| Betanzos | Fragas do Mandeo | 26 | Mendo | 771 |
| Cangas | ADEGA Morrazo | 12 | Bouzós | 60 |
| Cangas | ANPA Escola A Rúa | 25 | Saíñas | ----- |
| Carballo | ADEGA Carballo | 4 | Anllóns | 300 |
| Castro de Rei | Asociación Deportiva e Cultural Amigos do Miño | | Miño | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Carral | Asociación Brexa | 22 | Barcés | 250 |
| Catoira | Ecoloxistas de Catoira | 16 | Catoira | 100 |
| Catoira | ANPA As Lombas | | | |
| Catoira | Concello de Catoira | ---- | ---- | ---- |
| Cenlle | Asociación Veciñal de Lentille | 10 | O Regheiro | 40 |
| Cervo | Asociación Fervenza de Sargadelos | 11 | Xunco | 35 |
| Cesuras | ANPA CEIP Bragade | 21 | Mendo | 35 |
| Fene | AETNA | 19 | Baa | |
| | Asociación Betula | | | |
| | CEIP Os casais de Maniños | | | |
| Foz | Concello de Foz | 7 | | |
| Gondomar | A Groba / voluntarios de proxecto ríos de Gondomar | 12 | Zamáns e Miñor | 100 |
| Gondomar | Concello de Gondomar | 33 | Rasas | |
| Lousame | Fundaçao Montescola | ---- | ---- | ---- |
| Lugo | ADEGA Lugo | 4 | Rato | 300 |
| Lugo | Coidemos Lugo | 17 | | 400 |
| Lugo | UNED | | | |
| Marín | Grupo Cultural Ronsel | 25 | Loira | 140 |
| Meis | Concello de Meis | ---- | ---- | ---- |
| Meis | CEIP Armenteira | 30 | Armenteira | ---- |
| Moaña | Concello de Moaña + ADEGA Morrazo | 15 | Rialdarca | 200 |
| Navia de Suarna | Asociación Veciñal Irmandade de Naviega | ---- | ------- | ------ |
| Negreira a Baña | A.C. Afonso Eanes + A.C. Son Terra | 6 | Barcala e Tambre | 70 |
| Nigrán | Concello de Nigrán | 13 | Muíños | sen datos |
| O Grove | IES as Bizocas | 27 | Bizocas | 100 |
| Ourense | Ecovixiantes de Franciscanas | ---- | ---- | ---- |
| Ourense | Aula da Natureza | ---- | ---- | ---- |
| Parada de Sil | A Fábrica da Luz | ---- | ---- | ---- |
| Ponteareas | Plataforma Defendendo o Tea | ---- | ---- | ---- |
| Pontevedra | Vaipolorio + Asc. Xoán XXIII | ---- | ---- | ---- |
| Porriño | Asociación Española de Herpetoloxía | ---- | ---- | ---- |
| Rábade | AGCT | 3 | Miño | 350 |
| Rianxo | AAVV do Araño | 13 | Te | 140 |
| Ribadumia | Colectivo Ecoloxista do Salnés | | Umia | |
| Salceda de Caselas | Asoc. Trezecatorze | 38 | Ferreiros e Ameiceira | 80 |
| San Sadurniño | Concello San Sadurniño | 15 | Xubia | 50 |
| Santiago de Compostela | AA.VV. Rio Sarela | 11 | Sarela | 100 |
| Santiago de Compostela | ADEGA Compostela | 16 | Sarela | 100 |
| Santiago de Compostela | AFA Montessori | 12 | Sar | 70 |
| Sarria | Asoc. Cultural Crearte | 12 | Sarria | 100 |
| Seoane do Courel | CPI UxíoNovoneyra | ---- | ---- | ---- |
| Sober | Empresa Siltrip | ---- | ---- | ---- |
| Soutomaior | Concello de Soutomaior | 82 | Verdugo | 400 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Teixeira | Asociación vecinal Lumeares Comomires | ---- | ---- | ---- |
| Tomiño | Tecnicos M.A. + Centros de Ensinanza | ---- | ---- | ---- |
| Tordoia | Asc. Brisa do Quenllo | 8 | Lenguelle | 150 |
| Valga | Muíño Didáctico de Campaña | 6 | Valga | 50 |
| Verin | Asoc. Centro Desarrollo Rural Portas Abertas | 11 | Rubín | 320 |
| Vilalba | ANPA EEI de Vilalba | 35 | Madalena | 400 |
| Vilalba | ANPA CEIP Antonio Insua Bermúdez | | | |
| Viveiro | Asociación PRATODO | ---- | ---- | ---- |
| Xunqueira de Ambía | Iniciativa xunqueira | 19 | Arnoia | 25 |
| **Total 52** | **70** | **765** | **54** | **6513** |













## 2.5. Comunicación

A actividades do Proxecto Ríos leva emparellada unha difusión en diversas plataformas dixitais ben sexa para divulgalas ou para dar conta da súa realización.

Respecto á difusión, na actualidade, é o boletín mensual –Gardarríos– enviado a todos/as os/as participantes e simpatizantes do Proxecto Ríos, a principal canle. Publícanse na web do proxecto as convocatorias, as crónicas e os álbums de fotos de todas as actividades, para que a sociedade en xeral poida facer un seguimento das accións desenvolvidas polo Proxecto Ríos.

Por outra banda, e aínda que tamén se empregan para anunciar convocatorias de cursos ou xornadas, compártense no Facebook e Instagram fotos e novas das actividades realizadas. Nestas, envíanse fotos e comentarios que informan en tempo real das actividades que se están a facer nos diferentes ríos pola equipa do Proxecto Ríos.

A continuación preséntase unha serie de imaxes da web do Proxecto Ríos, do Gardarríos e das páxinas das redes sociais:

### Web do Proxecto Ríos:



## Web de ADEGA:




## Twiter de ADEGA:



## Facebook:

## Difusión do Campo de voluntariado ambiental do río Tea






## Difusión das saídas formativas do Proxecto Ríos no Facebook

**Proxecto Ríos**
13 de Abril

Hoxe realizamos unha saída formativa CEIP Felipe de Borbón de Salvaterra no río Tea na ponte Fillaboa.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



**Proxecto Ríos**
13 de Abril

Achegamonos para facer na tarde de hoxe unha saída formativa co profesorado do CPI Luís Díaz Moreno no río Neira no concello de Baralla.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



**Proxecto Ríos**
14 de Abril

Saída do pasado mércores co alumnado do IES Río Cabe ao río que lle dá nome ao centro en Monforte de Lemos.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




**Proxecto Ríos**
21 de Abril

Hoxe realizamos unha saída formativa no río Cabe co alumnado do IES A Pinguela de Monforte de Lemos. Ademais de flora e fauna fluvial atopamos a "camisa" dun sapo que foi depredado pola lontra.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



**Proxecto Ríos**
24 de Abril

Saída hoxe en Bande co IES Aquis Quequernis, na que realizamos as medicións fisico-químicas, macroinvertebrados, identificación de árbores de ribeira e medicións de caudal, lonxitude, profundidade... do río Cadós.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




**Proxecto Ríos**
28 de Abril

Hoxe tivemos unha estupenda mañá no río Lonia co alumnado do IES As Lagoas de Ourense. Análise da transparencia da auga co disco de Secchi, pH, nitratos, temperatura... e tamén identificación de macroinvertebrados.

Participa nas inspeccións de Primavera

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



**Proxecto Ríos**
5 de Maio

Hoxe en colaboración coa UNED de Lugo, e o seu programa Lugo Naturalmente, realizamos unha saída ao río Miño co alumnado do IES Basanta Silva de Vilalba.

#unimosriosepersoas

#LugoNaturalMente

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




**Proxecto Ríos**
6 de Maio

Hoxe na xornada de voluntariado no río Tea eliminamos diferentes especies invasoras no treito de río no que ADEGA e CH-MS teñen un acordo de Custodia Fluvial e no que se veñen realizando actuacións dende o ano 2008.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



Proxecto Ríos
10 de Maio ·

Saída co CIFP Portovello de Ourense ao río Lonia para analizar o ecosistema fluvial e falar das posibilidades educativas dos ríos

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




Proxecto Ríos
11 de Maio ·

E hoxe realizamos tamén unha saída formativa co CPI Virxe dos Remedios de Castro Caldelas cos que nos achegamos ao río Mao á altura da Área Recreativa A Palloza de Montederramo

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




Proxecto Ríos
25 de Maio ás 11:36 ·

Saída co Colexio Curros Enriquez e a Asoc. de Pescadores Pontegrande de Celanova ao río Arnoia

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



Proxecto Ríos
30 de Maio ás 13:34 ·

Saída formativa co IES Daviña Rey de Monforte de Lemos ao río Cabe na que puidemos identificar unha manchea de macroinvertebrados.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



**Proxecto Ríos**
12 de Maio ·

Saída formativa hoxe no río Neira co CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao na que puidemos gozar dunha manchea de tricopteros

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




**Proxecto Ríos**
2 de Xuño ás 14:43 ·

Hoxe fixemos unha saída formativa co IES Xograr Alfonso Gómez ao río Sarria.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




**Proxecto Ríos**
5d ·

Saída co alumnado de primeiro da ESO do IES Lagoa de Antela de Xinzo de Limia ao río Bidueiro.

#unimosriosepersoas

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




**Proxecto Ríos**
7 min ·

Nova publicada en El Progreso sobre a saída do Proxecto Ríos que realizamos co IES A Pinguela ao río Cabe.

#campañadeoutono

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



EL PROGRESO

RIBEIRA SACRA

Alumnos de A Pinguela en compañía de un técnico de Adega, en su salida al río.

# Estudiantes de A Pinguela analizan el ecosistema del río Cabe y su agua

▸ El instituto participa desde hace años en el Proxecto Ríos, que promueve el colectivo Adega

DELEGACIÓN

MONFORTE. Con el firme propósito de ayudar en la conservación del río Cabe, los alumnos de primero de la Eso del instituto A Pinguela de Monforte se pusieron manos a la obra para caminar por la orillas del cauce y conocer el estado en el que se encuentra. Fue una iniciativa incluida dentro del Proxecto Ríos que tutela el colectivo ecologista Adega con la colaboración de Augas de Galicia.

Así, tiene un marcado carácter educativo y de voluntariado para sacar muestras del agua y valorar sus parámetros para completar las fichas preparadas para la investigación.

En esta salida los alumnos comprobaron la calidad de la vegetación y procedieron a determinar las diferentes clases de macroinvertebrados encontrados durante su recorrido.

Los alumnos del instituto monfortino tuvieron la oportunidad de interpretar los datos obtenidos y valorar la calidad y la importancia del río, aunque los resultados finales no se conocerán hasta den-

material multimedia, e incluirlo en su proyecto educativo y en su programación general anual. La iniciativa aporta, además, material educativo y práctico para la realización de esta actividad.

Para ello se llevan a cabo charlas para dar a conocer el programa a los miembros que en él se inician y hacen salidas formativas para explicar la metodología. También enseñan los conocimientos básicos de identificación de macroinvertebrados a la par que les introducen en otras temáticas relacionadas con los ecosistemas fluviales. Este programa educativo y de voluntariado realiza una importante labor de «concienciación», dijo Sampil.

EN CORTO

LUISA RODRÍGUEZ

responder a problemas en torno a la dignidad, a los derechos humanos, a la diversidad cultural, a la sostenibilidad, a la justicia o a

Proxecto Ríos
14 de septiembre a las 11:56 ·

Onte fixemos unha saída ao río Viñao co CPI Xuvencus de Boborás e estivemos acompañados da Televisión de Galicia e a Radio Galega e da Sociedade de Pesca de Soutomaior que realizou un obradoiro.

#campañadeoutono

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




13

Proxecto Ríos
21 de septiembre a las 17:15 ·

Hoxe saída formativa co IES da Terra Chá José Trapero Pardo ao río Azumara na que identificados macroinvertabrados e peixes

#campañadeoutono

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.




21 3

Proxecto Ríos
5 d ·

Saída co IES A Pinguela de Monforte de Lemos. Puidemos comprobar como o río Cabe se vai recuperando logo do estado de saúde deficiente da primavera.

#campañadeoutono

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



Proxecto Ríos
1 d ·

Comezamos a semana cunha saída formativa co CIFP A Granxa, de Ponteareas, ao río Tea na que entre outras actividades medimos os parámetros físico-químicos e biolóxicos.

#campañadeoutono

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.



## Instagram: Difusión das saídas formativas do Proxecto Ríos












proxecto_rios



View insights Boost post

Liked by **ch_minosil** and **13 others**

**proxecto_rios** Saída co CIFP Portovello de Ourense ao río Lonia para analizar o ecosistema fluvial e falar das posibilidades educativas dos ríos

proxecto_rios



View insights Boost post

Liked by **ch_minosil** and **14 others**

**proxecto_rios** Hoxe tivemos unha estupenda mañá no río Lonia co alumnado do IES As Lagoas de Ourense. Análise da transparencia da auga co disco de Secchi, pH, nitratos, temperatura... e

proxecto_rios



View insights Boost post

Liked by **ch_minosil** and **9 others**

**proxecto_rios** E hoxe realizamos tamén unha saída formativa co CPI Virxe dos Remedios de Castro Caldelas cos que nos achegamos ao río Mao á altura da Área Recreativa A Palloza de

proxecto_rios



View insights Boost post

Liked by **ch_minosil** and **16 others**

**proxecto_rios** Saída hoxe en Bande co IES Xaquín Lourenzo Xocas, na que realizamos as medicións fisico-químicas, macroinvertebrados, identificación de árbores de ribeira e medicións de caudal, lonxitude, profundidade... do río Cadós.

#unimosriosepersoas

**Proxecto Ríos**
Just now ·

Curso de formacion sobre Flora fluvial.

Participa!!!

#proxectorios

Confederación Hidrográfica Miño-Sil




See insights and ads

Boost post












## CARTEL DE CURSO DE FORMACIÓN



**NOVAS SAÍDAS EN PRENSA**

TVG

[https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/galicia-noticias-6246824?t](https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/galicia-noticias-6246824?t)






La Región

https://www.laregion.es/articulo/celanova/arnoia-rio-sobresaliente/202305232135451221876.html

≡ La Región CELANOVA Arnoia, un río sobresaliente

# Arnoia, un río sobresaliente



Laura Fernández

El Arnoia a su paso por Celanova fue testigo y parte de la clase de biología al aire libre protagonizada por alumnos de quinto curso del colegio Curros Enríquez, de la mano de la

PUBLICIDAD
SCHMIDT
Barakaldo - Bilbao

El Progreso





Alumnos de A Pinguela en compañía de un técnico de Adega, en su salida al río ::

# Estudiantes de A Pinguela analizan el ecosistema del río Cabe y su agua

▸ El instituto participa desde hace años en el Proxecto Ríos, que promueve el colectivo Adega

DELEGACIÓN

MONFORTE. Con el firme propósito de ayudar en la conservación del río Cabe, los alumnos de primero de la Eso del instituto A Pinguela de Monforte se pusieron manos a la obra para caminar por la orillas del cauce y conocer el estado en el que se encuentra. Fue una iniciativa incluida dentro del Proxecto Ríos que tutela el colectivo ecologista Adega con la colaboración de Augas de Galicia.

Así, tiene un marcado carácter educativo y de voluntariado para sacar muestras del agua y valorar sus parámetros para completar las fichas requeridas para la investigación.

En esta salida los alumnos comprobaron la calidad de la vegetación y procedieron a determinar las diferentes clases de macroinvertebrados encontrados durante su recorrido.

Los alumnos del instituto monfortino tuvieron la oportunidad de interpretar los datos obtenidos y valorar la calidad y la importancia del río, aunque los resultados finales no se conocerán hasta den-

material multimedia, e incluirlo en su proyecto educativo y en su programación general anual. La iniciativa aporta, además, material educativo y práctico para la realización de esta actividad.

Para ello se llevan a cabo charlas para dar a conocer el programa a los miembros que en él se inician y hacen salidas formativas para explicar la metodología. También enseñan los conocimientos básicos de identificación de macroinvertebrados a la par que les introducen en otras temáticas relacionadas con los ecosistemas fluviales. Este programa educativo y de voluntariado realiza una importante labor de «concienciación», dijo Sampil.

EN CORTO

LUIS A. RODRÍGUEZ

responder a problemas en torno a la dignidad, a los derechos humanos, a la diversidad cultural, a la sostenibilidad, a la justicia o a

# 3. Materiais editados

Todos os anos, no Proxecto Ríos, edítanse diferentes tipos de materiais que reforzan as actividades que dende a organización se propoñen. A maioría destes materiais son divulgativos e complementas os materiais que o voluntariado emprega nas súas inspeccións. Outros, son sobre as actividades que se organizan, sobre todo carteis divulgativos ou dípticos. Tamén corresponden á renovación de materiais de inspección que emprega o voluntariado.

### ALGÚNS DOS MATERIAIS EDITADOS:

### Carteis divulgativos:



## Material de inspección:






### Web '*Móllate polos Ríos*':






## Persoal asignado ao Proxecto Ríos

A equipa do Proxecto Ríos está formada polos/as seguintes Educadores/as Ambientais e persoal traballador de ADEGA:

- Ramsés Pérez. Licenciado en Pedagoxía. Responsable dos contidos educativos do Proxecto Ríos.
- Francisco Bañobre. Licenciado en Bioloxía. Responsable de grupos do Proxecto Ríos.
- Fins Eirexas. Licenciado en Xeoloxía. Secretario técnico de ADEGA.
- Itziar Díaz. Graduada en Bioloxía, educadora ambiental de ADEGA.
- Uxía Iglesias. Graduada en Xornalismo. Xestións de contidos web e RRSS.
- Belén Rodríguez. Licenciada en Xornalismo. Responsable de comunicación.
- Paula Souto. Administrativa de ADEGA.

## Iniciativa de:

A D E G A

## Co financiamento de:

VICEPRESIDENCIA
TERCERA DEL GOBIERNO

MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN
HIDROGRÁFICA
DEL MIÑO-SIL, O.A.